



VENTOALTO  
P O E S Í A

# Umbilical

Xerardo Quintiá

Baldo Ramos

EDICIONS  
*laiovento*  
LAIOVENTO



Baldo Ramos e Xerardo Quintiá, por Susa Blanco Montecelos.

## Índice

<i>nomear o lugar</i> .....	9
<i>non somos dun lugar</i> .....	10
<i>para que volver</i> .....	11
<i>andei os seus camiños infinitos</i> .....	12
Nace da discordia .....	13
Todo nacemento é discordia .....	14
<i>no silencio aberto</i> .....	15
<i>evitabas a nostalxia</i> .....	16
<i>...vanse umbilicando as perdas</i> .....	17
<i>achégase de alén das lembranzas</i> .....	18
<i>era outro</i> .....	19
<i>paso a paso o peso alixéirase</i> .....	20
Só volvemos cando damos por perdido un lugar .....	21
<i>alumear a realidade do lugar</i> .....	22
<i>velaí un treito de camino</i> .....	23
<i>non foi nacer o encontro</i> .....	24
Evitar entenderse .....	25
<i>xamais enraiceí</i> .....	26
<i>escribir como quen decide afastarse</i> .....	27
A cita de Holan non estaba .....	28
<i>conter a primeira luz</i> .....	29
<i>debín amarvos</i> .....	32
<i>ausentarse para ser recoñecible</i> .....	33
Un día a niña nai levoume ás Mamuelas .....	34
<i>o lugar non só é espazo</i> .....	35
<i>casa-ruína</i> .....	36
O espazo espállase .....	37
<i>a maga da fábula</i> .....	38
Sonei con túa nai dentro dun cadro de Magritte .....	39
<i>confiar na perversión do destino</i> .....	41
A reconciliación non se produce na linguaxe .....	42
<i>este poema es la guarida del gusano</i> .....	43
<i>tería que empezar de novo</i> .....	44
<i>deshabitar a ruína</i> .....	45
<i>saio das 1000 posibilidades do círculo-casa</i> .....	46
Amansabas as cobras .....	47
<i>—no silencio (controversia)</i> .....	48
<i>este inverno</i> .....	49

<i>esa é / a vinganza / dos que te precederon</i> .....	50
<i>—trabe</i> .....	51
<i>sementaches paxaros</i> .....	54
Nestes días, lecturas paliativas .....	55
<i>amosáronme o que nunca antes vira</i> .....	56
O poema vixía os teus pasos .....	57
<i>trazas os vértices</i> .....	58
<i>o poema é una aldea</i> .....	59
Deixar a casa .....	60
Nin imos nin ficamos .....	61
<i>aquel que fun</i> .....	62
síntome efêmero .....	63
Determinar a dimensión da fractura .....	64
Antano os días non desembocaban .....	65
<i>noutro tempo dominabas a caligrafía do fracaso</i> .....	66
<i>diluír en palabras transparentes</i> .....	67
<i>non lembro a miña orixe</i> .....	68
Veño dun lugar .....	69
<i>posuía un tesouro de prata</i> .....	70
<i>evito a mitificación</i> .....	71
<i>mais a mitificación forma parte de nós</i> .....	74
<i>deixarse ir</i> .....	75
<i>era unha casa</i> .....	76
<i>fas un círculo verde arredor da casa</i> .....	77
<i>ameinos xunto ao palleiro</i> .....	78
Por baixo do río hai unha casa .....	79
<i>erguendo o corazón aos altísimos ronseis</i> .....	80
<i>aquí habita o corazón</i> .....	81
<i>dende o funil do vento</i> .....	82
<i>que me trae ao salmo do xilgaro?</i> .....	83
Neste lugar botei as cinzas dunha paixón .....	84
<i>ausente</i> .....	85
<i>o tempo sementou en min un estrago</i> .....	86
<i>todo o que fun subvértese por min a dentro</i> .....	87
<i>no corazón do merlo</i> .....	88
<i>se digo que son unha multitude</i> .....	89
<i>velaí a linguaxe: outro xeito</i> .....	92
<i>a nostalxia é un xeito de volver</i> .....	93
Renunciei ás palabras .....	94

*nomear o lugar  
é facelo habitable*

*non somos dun lugar*

*somos o lugar  
ao que volvemos*

*ao que sempre volvemos*

*para que volver  
se non é por amor vivo  
aos nomes que foron substantivos  
e así sostelos dende a voz  
e con ela ardendo na néboa dicir*

*Pena da Cadela Leira Nova Ponte  
da Fecella e dicir Revolta e dicir Pradelo  
do Muiño Vello e Rodo do Muiño e dicir  
con todo o padal Alfredo de Bran e Habanero  
da Cernada e a quen fose de Macedo dicilo tamén*

*sosténdoos nome a nome e rostro  
a rostro onde xa ninguén fica e nada  
son as almas e nada as conversas dos vellos  
coas vellas verbas e nada os nomes dos paxaros*

*que foron fundamento do primeiro  
avoengo onde aínda están eles trilando  
eles dicindo que por amor vivo  
se fai o canto eles cantando*

*andei os seus camiños infinitos*

*atrasei ríos e enterrei estrelas*

*souben dos lobos  
polo rastro que a lúa deixa na neve*

*as mans vermellas polo frío*

*a ollada transparente que me acolleu  
desde o primeiro momento*

*esa fidelidade*

*este espazo de encontro*

*atopareite no libro que me le  
como terra adoptiva*

*alí andaremos da man  
como quen non sente que pasa o tempo  
como quen esquece que a morte che negou a inocencia*

*confundiremos as palabras de ida e volta  
os desexos coas perdas*

*sentiremos que a neve cae  
sobre a herba que te debuxa*

*e non quererei marchar*

*aínda que me devolvas o futuro  
que che roubou a esperanza  
non quererei marchar*

Nace na discordia. De mundos en paralelo que nunca se encontran pero que se recoñecen sen pretendelo.

O inverno amolece os parágrafos dunha escrita demasiado tupida.

Eu prefiro perderme mentres ti, por medo, te negas a abandonar o útero no que aprendiches a ser herdeiro dunha renuncia premeditada.

Escribir sen saber de onde vén o poema nin cara a onde vai. Abres a primeira páxina do camiño e atopas unha casa abandonada, un topónimo devorado por lobos de ollos sen pupilas e dous ríos que se bifurcan.

Os camiños que se len sempre anticipan un destino que aínda non deu coa súa verdade narrativa.

As augas baixan entre amieiros de voces enterradas nos versos que desbotamos.

Entrégoche a miña palabra umbilical para que saibas cortala á medida da túa. Non pretendas que casen no sintagma desa verdade que aínda non nos recoñece.

Déixome ir pola corrente.

Déixate levar agora ti como corpo á valga que tarde ou cedo recalará no desenlace deste libro.

Todo nacemento é discordia, disonancia, un illó do que abrolla un arroio de posibilidades. Un paradoxo aberto. Un abano en flor. Ou a caso non sentes nos beizos de agora a auga de mananciais dos que nunca bebiches? O canto de merlos que nunca escoitaches? Non sentes como teu o poema que aínda non che pertence? Acaso regresar ao que nunca estivo en ti non é unha maneira de exiliarte de ti? De ser de ningures?

Nesta mañá xeadada a luz limpa cae sobre as pegadas que me conducen ao paraíso onde estiven peneirado. Son a sombra da palabra que me dás e recollo do cavilar, paso a paso, un Nada que me florece nos adentros.

Sei que todo está perdido para min: o cheiro do esterco, o arume das acacias por detrás do forno, o sabor dos pexegos no ceo da boca... E para quen o perdeu todo non hai medo: quédalle a transparencia dun baleiro que non significa. Nunca un empobrecemento.

Así, o poema íspese. É unha árbore na invernia. As pólas debuxan caligrafías entre a néboa. Pero nada din dende esa escrita a contraluz. Nada do que fomos, nada do que alí deixamos como ofrenda para quen regresase ao chapitel que foi templo.

Os camiños ábrense baixo a inmensidade deste ceo que nos acolle. Baixo o seu acubillo de clareza somos un contra o outro e, á vez, somos o mesmo un. Movemos os marcos da escrita. Respiramos. Tensamos a corda dun procedemento que nos leva ao interior do círculo, aínda non trazado ao carón da casa, pero visible, porque xa foi concibido polo pensamento.

Nas manxadoiras do tempo atoparemos o froito do noso destino. Establezámonos, entón, como metáforas do que somos neste xeito de crear unha mesma materia de substancias contrarias.